

PROXECTO “CINTURÓN VERDE”.



A. Introducción	2
A.1 Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares	3
A.2 Calendario para as tarefas previstas	3
A.3. Alumnado e profesorado participante	3
A.4. Criterios e estándares de avaliación	3
A.5. Competencias clave	3
B. Obxecto ou temática de investigación propostos	3
C. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta	5
D. Documentación elaborada para profesorado e alumnado	7
E. Relación das tarefas máis importantes	8
F. Recursos utilizados e principais fontes consultadas	11
G. Implicación da comunidade educativa	11
H. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa	11
I. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e competencias	12
J. Función e participación da biblioteca escolar.	13

A. INTRODUCCIÓN.

O CEIP. Lamas de Abade está situado na Zona Sueste de Santiago de Compostela dentro do casco urbano pero nun lugar despexado e afastado de focos de ruído e contaminación. Conta con patios de recreo moi amplos, ben coidados, ben acondicionados, con numerosos árbores e un patio cuberto amplo. O edificio consta de tres plantas.

A maioría do alumnado actual, arredor de 435, procede de zona urbana, seguido de rural e semi-urbana case na mesma porcentaxe. O nivel socio-cultural das familias é medio-alto. O nivel de colaboración familiar é bastante satisfactorio na gran maioría dos casos. O claustro está composto por 31 profesores/as.

A.1. Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares.

Dende o equipo de Biblioteca do centro parte a idea de realizar un proxecto no que se implique toda a comunidade educativa. Debemos integrar no centro a metodoloxía de proxectos e contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas, xa que:

1. Intégranse os contidos curriculares con desafíos relacionados coa vida real, potenciase a motivación do alumnado ao vincular a aprendizaxe con cuestións tanxibles e prácticas.
2. Trabállanse as distintas materias e horarios en cooperación co alumnado e profesorado. Faise viable o ensino por competencias, achegando as dinámicas de aprendizaxe da vida profesional que desenvolveran na vida adulta.
3. As creacións e a elaboración dos traballos realizados, permiten unha avaliación máis continua do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

O noso centro esta rodeado de árbores e parques polo que a temática escollida “Cinturón Verde” ten se cadra moitas máis significación, pois no noso patio hai un pequeno souto, unha carballeira e un piñeiral, así como máis de 20 especies arbóreas, que nos proporcionan materias suficientes e xustifican sobradamente a realización do noso proxecto.

O tratamento deste tema na aula debe darse partindo dunha metodoloxía onde o carácter lúdico, globalizado, flexible e individualizado

oriente a práctica educativa, mantendo a participación activa e colaborativa, para aprender facendo.

No Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación Infantil e na Comunidade Autónoma de Galicia sinálase como obxectivo curricular:

- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social

No Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, sinálase como obxectivo curricular:

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención ao relacionado e vinculado con Galicia.

Estes obxectivos xunto co seu desenvolvemento curricular, constitúen o punto de partida para desenvolver un proxecto anual e en tódolos niveis educativos do noso centro.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS:

Nun primeiro momento, o equipo de biblioteca a finais do curso pasado comezou coa idea de desenvolver un Proxecto Documental Integrado sobre o horto escolar, xa que o Concello ía acondicionar un espazo do noso patio para tal efecto.

Ao comezar o curso e como as obras non ían segundo o previsto, o equipo decidimos cambiar un pouco de rumbo e centrarnos nas árbores do noso patio. Un entorno espectacular que sabíamos que daría moito xogo. O noso centro dispón dun gran recinto de ocio que inclúe zonas con árbores e arbustos. O xogo nos espazos do soto, da carballeira,... é continuado, especialmente nos outonos e primaveras.

Estas árbores son testemuñas vivas da conexión entre as xeracións de hai uns anos e as que atendemos actualmente. Foron plantadas polos pais e nais dunha importante proporción do noso alumnado, cando arredor duns 35 anos atrás, estudaban nas aulas que hoxe ocupan as súas fillas e fillos.



Patio Lamas fai 32 anos



Patio Lamas actual

Grazas á mostra que fixemos a principio de curso “Os avós da biblioteca” recibimos das nais (exalumnas) varias fotos antigas coma a da arriba exposta, onde nos decatamos da escaseza de árbores que tiña o patio fai 32 anos. Pareceunos obrigado que esta riqueza vexetal que gozamos hoxe en día había que facela consciente e máis presente na vida dos nosos alumnos e alumnas a través do coñecemento das diferentes especies existentes, comezando por nomealas.

“O que non se nomea non existe” (George Steiner)

A partir de aquí comezamos a planificar as liñas prioritarias de traballo para presentarlhas ao claustro no mes de outubro, e así puideran telas en conta para as súas programacións.

Cada aula elixiu unha árbore sobre a que traballar (investigar, documentar,...) para logo facer unha presentación ao resto dos compañeiros de nivel. Ao final de curso cada clase decorou a súa porta con materiais da aula de plástica ou libremente, relacionada coa árbore escollida.



Aproveitouse este PDI para facer pequenos Proxectos de Aula (Infantil) como os dos Alimentos ou Horto escolar.

A posibilidade de arroupar este proxecto desde moitos aspectos, lecturas, poesías, recoñecemento nos propios nomes e apelidos da relación co mundo vexetal,... fíxoo máis asumible e atractivo.

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

A proposta do proxecto baséase no traballo cooperativo e interdisciplinario, tanto a nivel de aula como de centro.


Houbo unha primeira fase de planificación: cunha chuvia de ideas por parte do equipo de biblioteca sobre que facer. Unha vez que tiñamos claro o que pretendiamos conseguir, redactamos o documento onde se recollía a xustificación, os obxectivos xerais, as actividades comúns de centro e a temporalización.

Logo pasamos a fase de documentación: recompilamos a información necesaria para comezar o proxecto e onde buscaa creando un “google site” e expoñendo os fondos tanto de libros informativos coma de literatura.

Na fase de motivación informamos ao claustro da idea principal do mesmo e a partir dese momento Abadiño, a mascota da biblioteca, enviou una carta aos mestres para ler nas aulas onde se explicaba con detalle os pasos a seguir a partires dese momento.

Despois cada titora escollía a súa árbore para comezar coa investigación. Valoramos os aspectos que se deberían investigar e propóñense aos diferentes titores/as unha relación de temas susceptibles de investigación e onde plasmar esa información.

Finalmente pasamos a fase creativa, exposición e difusión do aprendido, de presentación entre niveis e de ambientación/decoración dos espazos. Como actividade de fin de proxecto inauguramos o noso “Xardín Botánico” cunha inauguración oficial (con representantes do Concello e Anpa), e quedou aberto para todo o alumnado do centro e pais/nais que puideron gozar do percorrido polo interior dos corredores e polos patios exteriores desde o 14 ao 22 de xuño.



LISTADO ÁRBORES DO PATIO

UBICACIÓN NO PLANO

- | | |
|------------------------|-------------------|
| 1. CAMELIA | CAMELIO |
| 2. ABETO | ABETO |
| 3. LOUREIRO | LAUREL |
| 4. ALIGUSTRE | ALIGUSTRE ARBÓREO |
| 5. PIÑEIRO | PINO |
| 6. TULLA | TUYA |
| 7. CASTIÑEIRO | CASTAÑO |
| 8. MACEIRA | MANZANO |
| 9. CARBALLO AMERICANO | ROBLE AMERICANO |
| 10. LOUREIRO PORTUGUÉS | LAUREL PORTUGUÉS |
| 11. SANGOMIÑO FLORIDO | CORNEJO FLORIDO |
| 12. MOREIRA PÉNDULA | MORERA LLORONA |
| 13. ELEAGNIUS | ELEAGNIUS |
| 14. CHOPO | CHOPO |
| 15. AMENEIRO | ALISO |
| 16. SALGUEIRO | SAUCE |
| 17. ÉRBEDO | MADROÑO |
| 18. CARBALLO | ROBLE |
| 19. CAMAECÍPARIS | CAMAECÍPARIS |
| 20. ACIVRO | ACEBO |
| 21. BONETEIRO | BONETERO |
| 22. CERDEIRA | CEREZO |
| 23. FAIA | HAYA |
| 24. BIDUEIRO | ABEDUL |
| 25. PRADAIRO | FALSO PLATANO |

Un ano máis, dende a Biblioteca traballamos nun Proxecto no que participou todo o cole durante os dous últimos trimestres.

Este ano escollimos como título "Cinturón Verde", baseándonos no libro da Nobel da Paz Wangari, para traballar en torno ás árbores e arbustos do noso patio, aproveitando pois a gran riqueza que temos no noso entorno máis próximo.

Fixemos moitas tarefas, e unha delas foi a de clasificar as especies e que cada aula escollera unha delas para facer un miniproxecto sobre a mesma.

Entre outras cousas, as portas das aulas están decoradas facendo referencia a esas árbores, montamos un libro entre todos onde explicamos con detalle as características de cada unha delas, un plano coa lenda onde buscar cada unha desas especies no patio, unha árbore xigante no hall onde poderedes buscar se o voso nome ou apelido fan referencia ao mundo vexetal.



Plano e tríptico do Xardín Botánico.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Entre o material elaborado para *o profesorado* podemos destacar:

- Modelos de copas de árbores para confeccionar o “Cinturón Verde” na entrada do colexio.
- Listado cos fondos da biblioteca relacionados co tema.
- Correos e notas con informacións sobre os pasos a seguir en cada actividade.
- Ficha para completar coa información da árbore escollida.
- Modelos de follas para encher de versos e poemas.
- Carteis xigantes para colocar na entrada co mapa arbóreo do patio e lenda para a visita das familias.

Referido ao material elaborado para *o alumnado*:

- Carteis anunciadores das actividades propostas.
- Exposición permanente na entrada da biblioteca,.
- Seccións e entradas no blog.
- Tríptico para entregar ás familias co plano arbóreo do patio e a lenda para convidalos a visitar o centro por corredores de dentro e polo patio de fóra.
- Libro conmemorativo do Día das Árbores e da Poesía.

Tamén elaborouse unha páxina en “google sites” cunha chea de vídeos, enlaces, xogos, bibliografía... que se colgou no blog a disposición de toda a comunidade educativa.

<https://sites.google.com/site/recursopdimundovexetal>

Como traballo final elaborouse un caderno coas fichas creadas nas titorías sobre as súas árbores correspondentes que quedou rexistrado e a disposición da Biblioteca:

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/06/libro-fichas-arbores-do-patio.html>

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES LEVADAS A CABO.

Actividades da biblioteca vencelladas ao proxecto:

- *DÍA DA PAZ*. Para introducirmos no tema do Proxecto Documental Integrado e aproveitando a data que tiñamos, preto do Día da Paz, os nen@s de 3º gravaron en vídeo o Kamishibai sobre o conto "Wangari e as árbores da Paz", dedicado á Premio Nobel da Paz do ano 2004 Wangari Maathai, pola súa labor en Kenya e a creación do "Cinturón verde" e que pasou a darlle nome ao noso proxecto.

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/01/wangari-y-los-arboles-de-la-paz.html>

- *DÍA DA ÁRBORE E POESÍA*. O venres 18 de marzo, conmemoramos o Día Internacional dos Bosques ou Día Forestal Mundial (21 de marzo) e ao mesmo tempo o Día Mundial da Poesía coa elaboración dun vídeo conxunto e unha montaxe de fotos. Cada curso recitaba unha poesía diante da súa árbore escollida (proxecto) que se gravou en vídeo e logo facíamos tamén unha foto. Fixemos unha montaxe de vídeo e fotos con todas as aulas.

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/04/celebracion-dia-da-arbore-e-da-poesia.html>

- *DÍA DA MULLER*: Concurso sobre mulleres destacadas na historia que tiveran relación co medio ambiente, coas árbores e a natureza en xeral.

- *CHARLA MEDIO AMBIENTE*. Axentes forestais da Consellería de Medio Ambiente achegáronse ao colexio para darnos unhas charlas sobre a flora e fauna da nosa terra e amosarnos materias, vestiario e vehículos que empregan para o seu traballo na protección e coidado dos montes e bosques.

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/04/visita-medio-ambiente.html>

DÍA LIBRO: Obradoiro lectura interniveis relacionadas coas árbores.

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/04/dia-do-libro-co-noso-clasico-obradoiro.html>

- *ENCONTROS CON AUTORES.* Anxo Moure contándonos máis sobre o Carballo.

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/04/encontros-con-escritores.html>

- *VISITA DE 1º, 2º e 3º ÁS INSTALACIÓNS DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.*



- *SAÍDA DE 3º e 4º ao “Bosque de Galicia” e ao “Xardín Literario” no Gaiás, e participación no día do Medio Ambiente.*



- *ALUMNADO DE 6º PLANTANDO ÁRBORES NO PEDROSO.*



- INFANTIL, merendando entre árbores no Monte do Gozo.
- AXUDA ao profesorado do persoal de parques e Xardíns do Concello para catalogar e recoñecer as árbores do noso patio.
- PADRIÑOS E MADRIÑAS len debaixo das árbores escollidas.

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es/2016/04/padrinos-e-madrinas-lectores.html>

- ÁRBORE DOS APELIDOS: Na entrada do colexio fixemos unha árbore na que se “colgaron” unhas fichas cos nomes e apelidos do alumnado do colexio que tiñan relación etimolóxica coas árbores: Castiñeiras, Parrado, Tejo, Olmo, Pereira,... Houbo moitos e moi variados.



- IDENTIFICACIÓN DAS ÁRBORES: En colaboración co CIFP. Compostela fixemos unhas placas cos nomes das árbores (latín, galego e castelán) e cada aula colocou en cadanseu lugar correspondente.



F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

Dende o equipo de biblioteca fixemos unha selección dos nosos fondos relacionadas co tema a traballar. Montouse unha exposición na entrada da biblioteca a disposición de todos os titores e especialistas que quixeran traballar con eles.

Así mesmo mercáronse outros títulos cos que ampliar a colección, en función das propostas e necesidades que ían xurdindo. Ademais a nivel particular en cada titoría buscaron información na rede ou en libros aportados polo alumnado e profesorado.

Tamén consultamos a web de Bibliotecas Escolares <https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog> onde consultamos outros blogs e proxectos de colexios que fixeron traballos semellantes e dos que sacamos varias ideas.

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Toda a comunidade educativa do centro participou activamente no proxecto. Profesorado, alumnado, familias (Anpa) e persoal non docente implicouse para levar a cabo as propostas. Tamén estiveron involucrados os equipos de Dinamización Lingüística, Extraescolares e Tic's intentando sumar e colaborar para que as propostas xirasen sempre arredor do PDI.

Ao mesmo tempo ampliamos a colaboración con outros centros da contorna coma o IES Lamas de Abade, Escola Infantil Raiola e CIFP. Compostela (Ciclo Formativo de grao Superior de Educación Infantil e Ciclo formativo de grao Medio de Impresión Gráfica).

Ademais tivemos a colaboración e o apoio da Consellería de Medio Ambiente e da Área de Parques e Xardíns do Concello de Santiago que nos axudaron coa prevención de incendios, coidado dos bosques, plantación e catalogación das árbores.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Cada proposta tiña coma idea final converter o noso colexio e patio nun gran parque botánico. Ademais de que o noso alumnado e familias poidan gozar co percorrido, tamén invitamos aos centros da contorna a visitalo empregando planos e guías, que nalgúns casos foron os mesmos

alumnos/as. Dentro do edificio cada porta das aulas estaba decorada coa súa árbore cunha breve explicación das súas características e fóra no patio a través do plano e as lendas podían guiarse recoñecendo as distintas especies.

Outro modo de difusión dos traballos realizados é a través do blog da biblioteca “Recuncho de Abadiño”:

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es> a páxina web do cole:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplamasabade> e un google site que está integrado no blog:

<https://sites.google.com/site/recursopdimundovexetal>

Ademais auto editamos libros (Día da árbore e da poesía, Ficheiro Árbores) recollendo o traballo feito polo alumnado e queda a disposición deles coma un recurso máis da biblioteca.

Elaboráronse montaxe de vídeo e fotos das actividades levadas a cabo.

Ao mesmo tempo ambientamos a entrada do colexio e os distintos corredores con murais decorativos e/ou informativos dos traballos que fomos realizando.

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS.

Co tratamento na aula destes contidos estamos contribuindo á mellora nunha das 8 competencias básicas a acadar ao remate do ensino obrigatorio: a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

O alumnado avanzará nesta competencia cando adopte unha disposición de coidado e respecto ao medio natural, dende a dobre dimensión -individual e colectiva- mostre actitudes de iniciativa persoal, autonomía, responsabilidade cara ao medio ambiente.

Valorarase do alumnado o gusto por participar en actividades que respecten un contorno limpo e esteticamente agradable, e por colaborar na creación dun ambiente xerador de benestar.

Fomentarase una valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que non contaminen o medio e a necesidade de vivir dun xeito saudable.

É necesario adquirir desde idades temperás competencias transversais pensamento crítico, creatividade, e a capacidade de comunicase cos outros. A educación inicial é cada vez máis determinante, pero tendo en conta que o proceso de aprendizaxe non remata no sistema educativo senón que vai ao longo de toda a vida da persoa.

Necesitamos propiciar as condicións que permitan un cambio metodolóxico, de forma que o alumno sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe. É por isto que non so avaliamos o coñecementos que adquiera o alumnado, estamos a avaliar :

- Se os recursos e materiais empregados foron axeitados
- Se as experiencias foron aproveitadas por toda a comunidade educativa.
- Se o grado de implicación de todo o profesorado da os resultados adecuados
- Se a información recibida foi suficiente.
- Se a colaboración e a implicación das familias se tivo presente.
- Se a organización ao longo do curso, foi a necesaria partindo sempre do equipo de biblioteca, pero e colaboración cos diferentes niveis educativos.

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

O equipo de Biblioteca Escolar comezou a preparar o curso anterior e durante o verán o eixe do proxecto. Presentouse ao profesorado de xeito informativo no último claustro de xuño e no primeiro de setembro explicouse máis polo miúdo as liñas de traballo. Coordinouse co equipo directivo para marcar unhas datas a ter conta e plasmar na PXA o proxecto.

Mandouse a cada docente unha carta de Abadiño explicando o proxecto e un arquivo adxunto de como o queriamos levar a cabo.

Ao mesmo tempo fóronse adquirindo os recursos necesarios (por iniciativa do equipo ou por demanda das titorías) para facilitarlle ao

profesorado e alumnado o traballo, ademais de seleccionar os que xa dispoñía a biblioteca.

A biblioteca participou en todo o proceso de planificación, organización, documentación e coordinación do proxecto. Tamén foi o elemento motivador e difusor.



En Santiago, a 28 de xuño de 2016.

Francisco J. Varela Núñez

Responsable da Biblioteca.